

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

## **ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL**

### **3º ESO PMAR**

**CPI de Xanceda**

**Curso 2019-2020**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO.....	3
2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	3
3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE SECUNDARIA .....	8
4. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO ÁMBITO.....	11
5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PRODECEMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.....	12
6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE O ÁMBITO.....	50
7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	51
8. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.....	52
9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE. ....	54
10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE. ....	55
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS. ....	56
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE. ....	56
13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.....	57
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	58
15. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR. ....	59
16. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.....	59
17. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.....	59
18. DATOS DO DEPARTAMENTO .....	61

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTO**

O CPI de Xanceda está situado na localidade do mesmo nome, no concello de Mesía. Nel impártense as ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria. Ao CPI de Xanceda están adscritas dúas Escolas Unitarias: Olas e Visantoña, das que o alumnado se incorpora ao centro en 3º de Primaria.

A maioría da poboación da zona está vinculada a actividades agrícolas e gandeiras. A lingua de relación entre a comunidade da zona é o galego, falado no centro por practicamente o 100% do alumnado.

Trátase dun centro cunha matrícula total de 166 alumnos/as onde se imparten ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria Obrigatoria, cunha única liña por cada nivel académico.

Na etapa secundaria o alumnado distribúese do seguinte xeito:

1º ESO : 1 grupo de 16 alumnos/as

2º ESO : 1 grupo de 20 alumnos/as

3º ESO : 1 grupo de 11 alumnos/as

3º ESO PMAR : 1 grupo de 7 alumnos/as

4º ESO : 1 grupo de 15 alumnos/as

Como se pode ver, o número de alumnos/as por aula non é elevado, o que permite un traballo educativo máis individualizado. O grupo do ámbito lingüístico e social está conformado por 7 persoas.

## **2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

O ámbito lingüístico e social contribue á consecución das competencias básicas de modos moi diversos e que resumimos a continuación.

### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Esta área, como parte integrante das ciencias sociais, utiliza ferramentas que serven para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Polo tanto, estas competencias desenvolveranse coa obtención de datos estatísticos, gráficos e xeográficos, a selección de fontes de información, o contraste de datos, operacións matemáticas sinxelas, etc.

### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

A competencia en comunicación lingüística adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular, por tanto, poderíamos incluír calquera dos descritores desta competencia.

Resáltanse aquí aqueles que favorecen a súa transversalidade:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente e por escrito con corrección, adecuación e coherencia.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Coñecer e utilizar correctamente o vocabulario e as regras gramaticais e ortográficas do galego e do castelá para redactar calquera tipo de texto.
- Coñecer e utilizar correctamente o vocabulario propio da área da materia de xeografía e historia.
- Entender o contexto sociocultural da lingua, así como a súa historia para un mellor uso desta.
- Utilizar os coñecementos sobre a lingua para buscar información e ler textos en calquera situación.

### **Competencia dixital (CD)**

A contribución ao desenvolvemento da competencia dixital vén dada polo manexo dos recursos TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, blogs, correo electrónico..., uso das distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, MP3, MP4, internet, presentacións Power Point... e o uso de recursos específicos de aprendizaxe da lingua: programas de software, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores, correctores...

De xeito resumido realizaremos actividades nas que:

- Empregar distintas fontes para a busca de información.
- Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
- Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
- Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
- Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
- Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento. Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

### **Competencia aprender a aprender**

A competencia en aprender a aprender permite que o alumnado dispoña de habilidades ou de estratexias que lle faciliten a aprendizaxe ao longo da súa vida (busca, organización e recuperación da información...) e que desenvolva a súa curiosidade por adquirir novos coñecementos, capacidades e actitudes que lle permitan desenvolverse e crecer como persoa.

Neste sentido, realizaranse algunhas actividades como:

- Elaborar mapas conceptuais e outros esquemas.
- Realizar cadros comparativos.
- Recoller información obtida para interpretar correctamente o texto.
- Xestionar os recursos e motivacións persoais a favor da aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión dos contidos.
- Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

### **Competencia social e cívica**

Traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Desde o uso da lingua para chegar a consensos, establecer e cumprir regras de funcionamento ata o seguimento das normas de comunicación, pódese adestrar en Lingua Galega/Castelá e Literatura esta competencia. Ademais o coñecemento de diferentes realidades sociais ao longo do tempo fai que sexa ineludible a súa comparación coa realidade actual e favorece que o alumnado comprenda que esas realidades se van forxando ao longo do tempo, e que por iso mesmo poden cambiar, polo que debe ser tolerante coas que se producen no seu ámbito e noutros ámbitos diferentes ao seu. O alumno asimila que vive nunha sociedade cada vez máis plural, e globalizada, no que convive con culturas diferentes.

Por iso traballaremos algunhas actividades nas que:

- Coñecer as actividades humanas, adquirir unha idea da realidade histórica a partir de distintas fontes e identificar as implicacións que ten vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
- Coñecer e aplicar dereitos e deberes da convivencia cidadá no contexto da escola.
- Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo e para a resolución de conflitos.
- Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Coñecer e valorar o uso das linguas faladas en España e o mundo da lusofonía.



### **Competencia sentido da iniciativa e espírito emprendedor.**

Esta competencia favorece a autonomía dos alumnos e o desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. No propio estudo da materia, os alumnos e as alumnas deben recoñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lles permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas.

Algún dos descritores son:

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Ser constante no traballo, superando as dificultades.
- Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.
- Desenvolver a imaxinación e a creatividade individual.
- Planificar e realizar traballos.
- Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.

### **Competencia conciencia e expresións culturais (CCEC)**

A relevancia dos feitos culturais e artísticos nos contidos desta materia é o que pon de manifesto a importancia desta competencia. O alumnado poderá coñecer e comprender as obras artísticas e culturais máis significativas na historia da humanidade. Obxectivo fundamental é que, a través da observación da obra artística, valore e se sensibilice cara a todo o artístico e cultural. Ademais facilítalle ao escolar comprender a relación entre as manifestacións artísticas, os feitos históricos e as sociedades que as crean.

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan desde a área o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar a competencia. Traballamos, entre outros, os seguintes descritores:

- Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
- Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
- Valorar o patrimonio literario galego e español.
- Expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos.
- Apreciar a beleza das expresións artísticas, literarias e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
- Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

### **3. OBXECTIVOS XERAIS DA ETAPA DE SECUNDARIA**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e as alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.



- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.1. OBXECTIVOS DO ÁMBITO LINGÜÍSTICO E SOCIAL (3º ESO PMAR)**

- Comprender discursos orais e escritos en galego e castelán nos diversos contextos da actividade social, cultural e académica.
- Expresarse oralmente de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
- Expresarse por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural.
- Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
- Coñecer os principios fundamentais da gramática galega e da gramática española recoñecendo as diferentes unidades das linguas e as súas combinacións.
- Recoñecer o propósito e a idea xeral en textos orais de ámbitos sociais próximos á

experiencia do alumnado e ao ámbito académico; captar a idea global de informacións oídas na radio o na TV e seguir instrucións pouco complexas para realizar tarefas de aprendizaxe.

- Extraer informacións concretas e identificar o propósito en textos escritos de ámbitos sociais próximos á experiencia do alumnado, seguir instrucións sinxelas, identificar os enunciados nos que o tema xeral aparece explícito e distinguir as partes do texto.
- Expoñer unha opinión sobre a lectura de unha obra adecuada á idade; recoñecer o xénero e a estrutura global e valorar de forma xeral o uso da linguaxe; diferenciar contido literal e sentido da obra e relacionar o contido coa propia experiencia.
- Utilizar os coñecementos literarios na comprensión e na valoración de textos breves ou fragmentos, atendendo aos temas e motivos da tradición, ás características básicas do xénero, e ao uso da linguaxe e aos recursos estilísticos.
- Compoñer textos, en soporte papel ou dixital, tomando como modelo un texto literario dos lidos e comentados na aula ou realizar algunha transformación sinxela neses textos.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para solucionar problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión dirixida dos textos propios deste curso.
- Utilizar o dicionario e iniciar o coñecemento dunha terminoloxía lingüística básica nas actividades de reflexión sobre o uso.
- Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar informacións de diversos tipos e opinións diferentes.
- Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas, culturas e expresións artísticas.
- Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
- Coñecer, identificar e valorar os principais elementos do espazo xeográfico que nos rodea, como resultado da interacción mutua.
- Coñecer as características dos espazos e sectores agrarios, industriais, terciarios españois, especialmente de Galicia. Explicar o papel vertebrador dos eixos de comunicación.
- Describir os efectos ambientais da actividade humana, coñecer as medidas en defensa do medio, en Galicia, España e no planeta, e manifestar interese e respecto polo medio.

- Recoñecer os desequilibrios espaciais na repartición da riqueza, explicando os factores que os orixinan e as súas consecuencias e solidarizarse cos máis desfavorecidos.
- Identificar as grandes áreas xeoeconómicas do mundo, especialmente Europa.
- Coñecer a organización político-administrativa da Unión Europea e identificar países e capitais que a compoñen.
- Analizar, identificar e explicar a organización do Estado español e a diversidade das comunidades autónomas. Coñecer a organización da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Coñecer os aspectos fundamentais do cambio político, social, económico e cultural que sucede durante a Idade Moderna.
- Utilizar correctamente o vocabulario específico da materia de xeografía e historia.
- Valorar a diversidade cultural –puntos de vista, formas de vida, códigos morais– manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sen renunciar por isto a un xuízo crítico sobre elas.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.

#### **4. ESTRUCTURA E ORGANIZACIÓN DO ÁMBITO.**

As materia que configuran o Ámbito Lingüístico e Social para o curso de PMAR de 3º ESO son lingua e literatura galega, lingua castelá e literatura e xeografía e historia. A cada unha delas adícanse tres horas, o que fai un total de 9 horas para o ámbito. De todos xeitos esta distribución é flexible e pode ser modificada en función das necesidades educativas que presente o grupo.

Os contidos do ámbito lingüístico e social están estruturados en 6 unidades, nas que se recollen apartados para cada unha das materias, factor que non impide a relación e conexión entre os diferentes contidos.

**5. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE OBXECTIVOS, CONTIDOS, TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, PRODECEMENTOS DE AVALIACIÓN E COMPETENCIAS CLAVE.**

O grao mínimo de consecución para cada estándar descríbese nunha escala de 1 a 4 co seguinte significado:

1: En vías de adquisición.

2: Adquirido.

3: Avanzado.

4: Excelente.

**LINGUA GALEGA E LITERATURA**

Obx.	Cont.	Crit. de aval.	Estándares de aprendizaxe	Tempora- lización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación					Compet clave
						Proba oral	Proba escrita	Trab. indiv.	Trab. grupo	Observ	
<b>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.</b>											
d e h	B1.1	B1.1	LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).	1ª Av.	3	X		X		X	CCL
			LGB1.1.2. Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.	1ª Av.	2			X		X	CCL
d	B1.2	B1.2	LGB1.2.1. Diferencia as ideas principais e as	1ª Av.	2			X			CCL

e h			secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.								CAA
			LGB1.2.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.	1ª Av.	3			X	X		CCL CAA
			LGB1.2.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.	2ª Av.	4	X			X	X	CCL CSC
d e h	B1.3	B1.3	LGB1.3.1. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X	X	CCL
			LGB1.3.2. Recoñece a intención comunicativa dos textos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X		CCL
			LGB1.3.3. Diferencia as explicacións dos argumentos.	3ª Av.	2			X	X		CCL CAA
d e h	B1.4	B1.4	LGB1.4.1. Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.	3ª Av.	2	X			X	X	CCL CCA
			LGB1.4.2. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.	3ª Av.	3				X	X	CCL

											CSC
a c d h	B1.5	B1.5	LGB1.5.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).	1ª, 2ª, 3ª Av.	4	X			X	X	CCL CAA CSC
			LGB1.5.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X			X	CCL CSC CSIEE	
h o	B1.6	B1.6	LGB1.6.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autovaliación e propón solucións para melloralas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X				X	CCL CAA
			LGB1.6.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.	2ª Av.	4					X	CAA
			LGB1.6.2. Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2					X	CCL CCEC
a c d	B1.7	B1.7	LGB1.7.1. Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4	X			X	X	CCL CSC
			LGB1.7.2. Cínguense ao tema, non divaga e atende ás	1ª, 2ª, 3ª Av.	2				X	X	CCL

h			instrucións do moderador nos debates e coloquios.							CSC			
			LGB1.7.3. Avalía as intervencións propias e alleas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2				X	CAA			
			LGB1.7.4. Respecta as quendas de palabra, o espazo, xestícula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X	CCL CSC			
a, b, c, g, h, o	B1.8	B1.8	LGB1.8.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X		X	CAA			
			LGB1.8.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X			X	X	CCL	
			LGB1.8.3. Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.	3ª Av.	1		X				X	X	CCL
			LGB1.8.4. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X					X	CCL CSC CSIEE
			LGB1.8.5. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2							X	CCL

			LGB1.8.6. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.	1ª, 2ª, 3ª Av.		X			X	CAA CCL
			LGB1.8.7. Recoñece a avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X				CAA CCL
a d h l ñ	B1.9	B1.9	LGB1.9.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4				X	CCL CSC CSIEE CCEC
			LGB1.9.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	CSC CSIEE	
			LGB1.9.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3				X CCL CSC	
			LGB1.9.4. Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X			CCL	
b e g	B1.10	B1.10	LGB1.10.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X	CD CAA CSIEE	



h			LGB1.10.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X		CD CCL CSC	
<b>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.</b>												
b f h	B2.1	B2.1	LGB2.1.1. Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X		CCL CAA	
			LGB2.1.2. Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.	2ª, 3ª Av.	2			X	X		CCL CAA	
			LGB2.1.3. Busca e asimila o significado de palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2						X	CCL CAA
			LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X			CCL CAA
d e h	B2.2	B2.2	LGB2.2.1. Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.	3ª Av.	2			X			CCL CSC	
			LGB2.2.2. Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatoria, actas de reunión e regulamentos).	3ª Av.	2			X				CCL

d e h	B2.3	B2.3	LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.	1ª Av.	2			X	X	X		CCL CSC
			LGB2.3.2. Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.	1ª, 3ª Av.	2				X	X		CCL CSC
d e h	B2.4	B2.4	LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.	3ª Av.	2			X	X	X		CCL CAA
			LGB2.4.2. Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3				X	X	X	CCL CAA CD
			LGB2.4.3. Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.	2ª, 3ª Av.	2					X		CCL CAA
b h	B2.5	B2.5	LGB2.5.1. Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X			CCL CAA
			LGB2.5.2. Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X			CCL
b, e, g, h	B2.6	B2.6	LGB2.6.1. Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter,	1ª, 2ª, 3ª Av.	3					X	X	CCL CAA

			organizar e seleccionar información.								CD
a, c, d, h	B2.7	B2.7	LGB2.7.1. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X	X			CCL
			LGB2.7.2. Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.	2ª Av. Un. 3	3					X	CCL CSC
h ñ	B2.8	B2.8	LGB2.8.1. Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3	X		X			CCL
			LGB2.8.2. Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X				X	CCL
b e h	B2.9	B2.9	LGB2.9.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.	3ª Av.	2			X			CCL CSC CD
b e h	B2.10	B2.10	LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.	1ª Av.	2			X	X		CCL CD
b e	B2.11	B2.11	LGB2.11.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de	3ª Av.	3			X	X		CCL CD

h			información.								
			LGB2.11.2. Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.	3ª Av.	2			X	X		
b e h f	B2.12	B2.12	LGB2.12.1. Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL CAA
			LGB2.12.2. Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seu escritos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X		X	CCL CAA
			LGB2.12.3. Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X		CCL CAA CD
			LGB2.12.4. Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3					X	CCL CSC
			LGB2.12.5. Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).	2ª, 3ª Av.	2			X		X	CCL
			LGB2.12.6. Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CCL CAA

			gramaticais).								
b e h	B2.13	B2.13	LGB2.13.1. Usa as TIC (procesadores de textos e correctores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X		CCL CD
a d e h	B2.14	B2.14	LGB2.14.1. Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.	3ª Av.	1			X	X		CCL CSC CCEC CD
<b>Bloque 3. Funcionamento da lingua.</b>											
b e l	B3.1	B3.1	LGB3.1.1. Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X	X	X		X	CCL CAA
b e l	B3.2	B3.2	LGB3.2.1. Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X	X			X	CCL CCA
			LGB3.2.2. Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.	1ª, 2ª, 3ª Av.	1			X			CCL CCA
b	B3.3	B3.3	LGB3.3.1. Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.	1ª Av.	2		X	X			CCL

e											CCA
i			LGB3.3.2. Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.	1ª Av.	3		X	X			CCL CCA
a	B3.4	B3.4	LGB3.4.1. Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.	1ª, 2ª, 3ª Av. Un.1- Fonética	2	X				X	CCL CAA
d											
e											
b	B3.5	B3.5	LGB3.5.1. Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X		X	CCL CD
e											
n											
l											
b	B3.6	B3.6	LGB3.6.1. Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X	X			X	CCL CAA
e											
e	B3.7	B3.7	LGB3.7.1. Revisa os textos para puntuar correctamente.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL
b	B3.8	B3.8	LGB3.8.1. Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferenza os elementos que as desempeñan.	3ª Av.	2		X	X	X		CCL CAA
e											
a	B3.9	B3.9	LGB3.9.1. Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.	3ª Av	1		X	X			CCL
b											

e											
b	B3.10	B3.10	LGB3.10.1. Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL
e	B3.11	B3.11	LGB3.11.1. Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e reconece a postura de cada emisor.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CLC CSC
b e h	B3.12	B3.12	LGB3.12.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	2ª Av.	3				X	X	CCL CAA CD
b e	B3.13	B3.13	LGB3.13.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3					X	CCL CAA
<b>Bloque 4. Lingua e sociedade.</b>											
ñ o	B4.1 B4.2	B4.1	LGB4.1.1. Valora a lingua como medio de relación interpersonal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X				X CCL CSC

	B4.3		LGB4.1.2. Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.	3ª Av.	2			X	X		CCL
			LGB4.1.3. Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3	X				X	CCL CSC
			LGB4.1.4. Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.	3ª Av.	2			X	X		CCL
			LGB4.1.5. Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.	3ª Av.	2			X	X		CCL CSC
			LGB4.1.6. Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).	3ª Av.	2				X	X	CCL CSC CD
ñ o	B4.4	B4.2	LGB4.2.1. Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.	2ª Av.	2	X	X		X		CCL CSC
			LGB4.2.2. Analiza gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.	2ª Av.	2				X		CCL CSC CD
			LGB4.2.3. Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X	X		X	CCL



			discurso.							
ñ o	B4.5	B4.3	LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.	2ª, 3ª Av.	2				X	CCL CSC
			LGB4.3.2. Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.	3ª Av.	2		X	X	CCL	
			LGB4.3.3. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.	3ª Av.	2	X			X	CCL CSC
l ñ o	B4.6	B4.4	LGB4.4.1. Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X	X	CCL
			LGB4.4.2. Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X	X	CCL CSC
			LGB4.4.3. Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X	CCL CSC
			LGB4.4.4. Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X	CCL CSC
			LGB4.4.5. Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X	CCL CSC

			ata 1916.								CD
ñ o	B4.7	B4.5	LGB4.5.1. Coñece a lexislación estatal e autonómica que regula a utilización do galego e a súa promoción.	3ª Av.	1				X		CCL CSC
ñ o	B4.8	B4.6	LGB4.6.1. Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.	2ª Av.	2			X	X	X	CCL CSC
ñ o	B4.9	B4.7	LGB4.7.1. Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.	3ª Av.	2			X		X	CCL
			LGB4.7.2. Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X			X	CCL CSC
			LGB4.7.3. Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.	2ª Av.	3					X	CCL CSC
<b>Bloque 5. Educación literaria.</b>											
h l	B5.1	B5.1	LGLB5.1.1. Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.	1ª Av. Periodización	2			X	X	X	CCL
			LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos	1ª Av. Idade Media 2ª Av. Séculos	2		X			X	CCL

			característicos.	Escuros, Rexurdimento, Rosalía de Castro  3ª Av. Curros Enríquez Eduar do Pondal. (Esta distribución mantense nos estándares do bloque 5. )							
h l	B5.2	B5.2	LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL
			LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X	X	X			CCL
			LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL

			correspondente.								
			LGLB5.2.4. Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).	3ª Av.	1			X	X	CCL	
h 1	B5.3	B5.3	LGLB5.3.1. Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X				X	CCL
			LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes	1ª, 2ª, 3ª Av.	3				X	X	CCL
b h 1	B5.4	B5.4	LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X		CCL
e h 1	B5.5	B5.5	LGLB5.5.1. Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X	X	CCL
			LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X	X	X	CCL

			axeitada destes.								CD
h l n	B5.6	B5.6	LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X			CCL CCEC
			LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2					X	CCL CCEC

Obx	Cont.	Crit. de aval.	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación					Compet. clave
						Proba oral	Proba escrita	Trab. indiv.	Trab. grupo	Observ	
<b>Bloque 1. Comunicación oral. escoitar e falar.</b>											
h m	B1.1	B1.1	LCLB1.1.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X			CCL
			LCLB1.1.2. Comprende o sentido global de textos publicitarios, informativos e de opinión procedentes dos medios de comunicación, distinguindo a información da persuasión na publicidade e a información da opinión en noticias, reportaxes, etc., identificando as estratexias de enfatización e de expansión.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CSC
			LCLB1.1.3. Resume textos, de forma oral, recollendo as ideas principais e integrándoas con claridade en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X				X	CCL
h m	B1.2	B1.2	LCLB1.2.1. Anticipa ideas e infire datos do emisor e do contido do texto, analizando fontes de procedencia non verbal.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X			CCL
			LCLB1.2.2. Interpreta e valora aspectos concretos do contido e da estrutura de textos narrativos, descritivos, expositivos, argumentativos e instrutivos, emitindo xuízos razoados e relacionándoos con conceptos persoais, para xustificar un	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X	X			CCL

			punto de vista particular.								
h m	B1.3	B1.3	LCLB1.3.1. escoita, observa e explica o sentido global de debates, coloquios e conversas espontáneas identificando a información salientable, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa e a postura de cada participante, así como as diferenzas formais e de contido que regulan os intercambios comunicativos formais e os intercambios comunicativos espontáneos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	X	CSC	
h	B1.4	B1.4	LCLB1.4.1. Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	X	CCL	
			LCLB1.4.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal, da xestión de tempos e do emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	X	CD	
g h	B1.5	B1.5	LCLB1.5.1. Realiza presentacións orais.		3	X		X	X	CCL	
			LCLB1.5.2. Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.		2	X		X	X	CCL	
			LCLB1.5.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	X	CCL	
			LCLB1.5.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X	X	CCL	

			LCLB1.5.5. Avalía, por medio de guías, as producións propias e alleas, mellorando progresivamente as súas prácticas discursivas.	2ª Av.. 3ª Av.	1	X		X			CAA
a d g	B1.6	B1.6	LCLB1.6.1. Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4			X	X		CSC
			LCLB1.6.2. Avalía as intervencións propias e alleas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X		CCL
<b>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.</b>											
b h	B2.1	B2.1	LCLB2.1.1. Pon en práctica diferentes estratexias de lectura en función do obxectivo e o tipo de texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X		X	CCL
			LCLB2.1.2. Fai inferencias e hipóteses sobre o sentido dunha frase ou dun texto que conteña matices semánticos e que favorezan a construción do significado global e a avaliación crítica.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL
			LCLB2.1.3. Avalía o seu proceso de comprensión de lectura usando fichas sinxelas de autoavaliación.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X			CAA
h l	B2.2	B2.2	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos escritos propios do ámbito persoal e familiar, educativo ou escolar, e social (medios de comunicación), identificando a tipoloxía textual seleccionada, a organización do contido, as marcas lingüísticas e o formato utilizado.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL



			LCLB2.2.2. Recoñece e expresa o tema e a intención comunicativa de textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados identificando a tipoloxía textual seleccionada, as marcas lingüísticas e a organización do contido.	1ª (textos orais, xornalísticos), 2ª (narrativos, descritivos, dialogados), 3ª(exposición e argumentación) Av.	2		X	X			CCEC
a c h	B2.3	B2.3	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X	X			CCL
			LCLB2.3.2. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X			CCL
			LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4	X				X	CSC
b e h	B2.4	B2.4	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3			X		X	CD
e g h	B2.5	B2.5	LCLB2.5.1. Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CAA
			LCLB2.5.2. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita e axustándose ás normas ortográficas e gramaticais que permiten unha comunicación fluída.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CCL

g h l	B2.6	B2.6	LCLB2.6.1. Escribe textos argumentativos con diferente organización secuencial, incorporando diversos tipos de argumento, imitando textos modelo.	3ª Av.	2		X	X			CCL	
	B2.7		LCLB2.6.2. Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións.	3ª Av.	2		X	X			CCL	
			LCLB2.6.3. Resume textos xeneralizando termos que teñen trazos en común, globalizando a información e integrándoa en oracións que se relacionen lóxicamente e semanticamente, evitando parafrasear o texto resumido.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X	X			CAA
g h l	B2.8	B2.7	LCLB2.7.1. Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CMCCT	
			LCLB2.7.2. Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X				CCL
			LCLB2.7.3. Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a escritura.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X		CCEC
			LCLB2.7.4. Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.	3ª Av.	2			X	X			CD CSC
<b>Bloque 3. Coñecemento da lingua</b>												
b	B3.1	B3.1	LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL	

h			erros de concordancia en textos propios e alleos.								
			LCLB3.1.2. Recoñece e corrixe erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X	X				CCL
h	B3.3	B3.2	LCLB3.2.1. Recoñece e explica os elementos constitutivos da palabra (raíz e afixos), e aplica este coñecemento á mellora da comprensión de textos escritos e ao enriquecemento do seu vocabulario activo.	1ª Av.	2	X	X				CCL
			LCLB3.2.2. Explica os procedementos de formación de palabras, distinguindo as compostas, as derivadas, as siglas e os acrónimos.	1ª Av.	2	X	X				CCL
h	B3.4	B3.3	LCLB3.3.1. Identifica os grupos de palabras en frases e textos, diferenciando a palabra nuclear do resto de palabras que o forman, e explica o seu funcionamento no marco da oración simple.	1ª (Un. 2), 2ª (Un. 3,4), 3ª (Un.5) Av.	2	X	X				CCL
			LCLB3.3.2. Recoñece e explica nos textos o funcionamento sintáctico do verbo a partir do seu significado, distinguindo os grupos de palabras que poden funcionar como complementos verbais argumentais e adxuntos.	2ª (Un. 3,4), 3ª (Un.5) Av.	2	X	X				CCL
h	B3.5	B3.4	LCLB3.4.1. Recoñece e explica nos textos os elementos constitutivos da oración simple, diferenciando suxeito e predicado e interpretando a presenza ou a ausencia do suxeito como unha marca da actitude, obxectiva ou subxectiva, do emisor.	1ª (Un. 2), 2ª (Un. 3,4), 3ª (Un.5) Av.	2	X	X				CCL

			LCLB3.4.2. Transforma oracións activas en pasivas e viceversa, e explica os papeis semánticos do suxeito (axente, paciente e causa).	3ª Av.	3		X	X			CAA
			LCLB3.4.3. Amplía oracións nun texto usando diferentes grupos de palabras, utilizando os nexos adecuados e creando oracións novas con sentido completo.	3ª Av.	2			X	X		CCL
a	B3.6	B3.5	LCLB3.5.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.	3ª Av.	1		X	X			CCL
a h	B3.7	B3.6	LCLB3.6.1. Identifica e usa en textos orais ou escritos as formas lingüísticas que fan referencia ao emisor e ao receptor ou á audiencia (persoa gramatical, uso de pronomes, suxeito axente ou paciente, oracións impersoais, etc.).	1ª, 2ª, 3ª Av.	2						CCL
a h	B3.8	B3.7	LCLB3.7.1. Recoñece a coherencia dun discurso atendendo á intención comunicativa do emisor, identificando a estrutura e a disposición de contidos.	2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCL
			LCLB3.7.2. Identifica estruturas textuais (narración, descrición, explicación e diálogo), explica os mecanismos lingüísticos que as diferencian e aplica os coñecementos adquiridos na produción e na mellora de textos propios e alleos.	2ª, 3ª Av.	2		X	X			CCEC

a h l	B3.9	B3.8	LCLB3.8.1. Localiza nun mapa as linguas de España e explica algunha das súas características diferenciais, comparando varios textos, reconece as súas orixes históricas e describe algúns dos seus trazos diferenciais.	2ª Av.	2			X	X		CSC
			LCLB3.8.2. Reconece as variedades xeográficas do castelán dentro e fóra de España.	2ª Av.	2	X			X		CSC
i l	B3.10	B3.9	LCLB3.9.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	2ª Av.	2				X		CCL CAA
g h	B3.11	B3.10	LCLB3.10.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e a produción dos textos traballados en calquera das outras.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2				X		CAA
<b>Bloque 4. Educación literaria</b>											
h l n c	B4.1	B4.1	LCLB4.1.1. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.	1,2 , 3ª Av.	3			X	X		CCL

h l n c	B4.1	B4.2	LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.	3ª Av.	2			X	X	X	CCEC
h l n c	B4.1	B4.3	LCLB4.3.1. Compara textos literarios e pezas dos medios de comunicación que respondan a un mesmo tópico, observando, analizando e explicando os puntos de vista segundo o medio, a época ou a cultura, e valorando e criticando o que le ou ve.	3ª Av.	2			X	X		CSC
h l n c	B4.1	B4.4	LCLB4.4.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4	X			X	X	CCL
			LCLB4.4.2. Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X	CSC CSIEE	
h l n c	B4.2	B4.5	LCLB4.5.1. Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	1ª Av. (Idade Media, Século de Ouro, Renacemento-narrativa), 2ª Av. (Poesía e teatro renacentistas), 3ª Av. (Barroco; poesía, narrativa e teatro)	2	X	X	X			CCL

			LCLB4.5.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X	X	X		CCEC
h l n	B4.3	B4.6	LCLB4.6.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	2ª, 3ª Av.	1			X	X		CCEC CCL
			LCLB4.6.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CAA CCL
e	B4.4	B4.7	LCLB4.7.1. Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CSIEE CCL
			LCLB4.7.2. Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3	X		X	X		CD

Obx	Cont.	Crit. de aval.	Estándares de aprendizaxe	Temporalización	Grao mínimo de consecución	Procedementos e instrumentos de avaliación					Compet Clave
						Proba oral	Proba escrita	Trab. indiv.	Trab. grupo	Observ	
<b>Bloque 1. O medio físico</b>											
b e f g h	B1.1	B1.1	XHB1.1.1. Clasifica e distingue tipos de mapas e imaxes satélite.	1ª Av.	2		X	X			CAA CMCCT CCL CD
			XHB1.1.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas.	1ª Av.	2		X	X			CAA CMCCT CD
			XHB1.1.3. Coñece e interpreta os tipos mapas temáticos	1ª Av.	2		X	X			CAA CMCCT CCL CD
<b>Bloque 2. O espazo humano</b>											



a b e f g l h	B2.1	B2.1	XHB2.1.1. Distingue nun mapa político a distribución territorial de España: comunidades autónomas, capitais, provincias e illas.	1ª Av.	2		X	X			CCL CMCCT CD CAA CSC
b e c f g h	B2.2	B2.2	XHB2.2.1. Compara a poboación activa de cada sector en diversos países e analiza o grao de desenvolvemento que amosan estes datos.	1ª Av.	2			X	X	X	CCL CMCCT CD CAA CSC
b c e f g h	B2.3	B2.3	XHB2.3.1. Diferencia os sectores económicos europeos.	1ª Av.	2		X	X	X		CCL CMCCT CAA CSC

b e f g h	B2.4	B2.4	XHB2.4.1. Diferencia aspectos concretos e a súa interrelación dentro dun sistema económico.	1ª Av.	2			X	X		CCL CSIEE CCL CAA CSC
b c e f g h l m ñ	B2.5	B2.5	XHB2.5.1. Define o desenvolvemento sustentable e describe conceptos clave relacionados con el.	1ª Av.	3		X		X		CCL CMCCT CD CAA CSC
b, e, f, g, h	B2.6	B2.6	XHB2.6.1. Sitúa no mapa as principais zonas cerealistas, como exemplo de recurso agrario no mundo, e as máis importantes masas forestais do mundo.	2ª Av.	2		X	X	X		CAA CD CMCCT
			XHB2.6.2. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras de minerais no mundo.	2ª Av.	2			X	X		CAA CSIEE CD

										CMCCT
			XHB2.6.3. Localiza e identifica nun mapa as principais zonas produtoras e consumidoras de enerxía no mundo.	2ª Av.	2			X	X	CD CAA CSIEE CMCCT
			XHB2.6.4. Identifica e nomea algunhas enerxías alternativas.	2ª Av.	2		X	X	X	CCL CAA CSIEE CMCCT
b, c, e, f, g, h, m	B2.7	B2.7	XHB2.7.1. Procura información sobre a sobreexplotación dos caladoiros de pesca, usando recursos impresos e dixitais.	2ª Av.	2			X	X	CCL CMCCT CD CAA CSC CSIEE
b, e, f, g, h	B2.8	B2.8	XHB2.8.1. Localiza nun mapa os países máis industrializados do mundo, a través de lendas e símbolos adecuados.	2ª Av.	2			X	X	CCL CAA CSIEE

b, e, f, g, h	B2.9	B2.9	XHB2.9.1. Traza sobre un mapamundi o itinerario que segue un produto agrario e outro gandeiro desde a súa colleita ata o seu consumo en zonas afastadas, e extrae conclusións.	2ª Av.	2			X	X		CD CAA CSC CSIEE
b e f g h	B2.10	B2.10	XHB2.10.1. Define os indicadores que miden os intercambios económicos dun país.	3ª Av.	2			X			CAA CD CCL CMCCT CSIEE
			XHB2.10.2. Describe as características do comercio internacional na actualidade.	3ª Av.	2			X			CAA CCL CSC CSIEE
			XHB2.10.3. Enumera as características dos bloques comerciais e as razóns polas que se constituíen.	3ª Av.	2		X	X			CAA CCL CSC CSIEE
b e f	B2.11	B2.11	XHB2.11.1. Identifica os tipos de turismo e os seus efectos	3ª Av.	2	X			X		CAA CCL CCEC


g h										CSIEE CD
			XHB2.11.2. Valora a importancia do turismo na economía española e galega.	3ª Av.	2	X			X	CAA CCL CCEC CSIEE CD
b c e f g h m	B2.12	B2.12	XHB2.12.1. Comparar as características do consumo interior de países como Brasil e Francia.	3ª Av.	1	X			X	CAA CCL CSC CSIEE CD
			XHB2.12.2. Crea mapas conceptuais, usando recursos impresos e dixitais, para explicar o funcionamento do comercio, e sinala os organismos que agrupan as zonas comerciais.	3ª Av.	2	X			X	CAA CCL CSIEE CD
			XHB2.12.3. Describe o funcionamento dos intercambios a nivel internacional, utilizando mapas temáticos e gráficos nos que se reflectan as liñas de intercambio.	3ª Av.	1	X			X	CAA CMCCT CSIEE

											CD CCL
b c d e f g h	B2.13	B2.13	XHB2.13.1. Realiza un informe sobre as medidas para tratar de superar as situacións de pobreza.	3ª Av.	3			X	X		CAA CSC CSIEE CCL
			XHB2.13.2. Sinala áreas de conflito bélico no mapamundi e relacións con factores económicos.	3ª	2	X			X		CCL CAA CSC CSIEE
<b>Bloque 3. A historia</b>											
f l ñ	B3.1	B3.1	XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado	1ª, 2ª, 3ª Av.	2	X		X			CSC CAA CCEC
			XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2		X		X		CSC CAA
h l ñ	B3.2.	B3.2.	XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, xa sexan estes restos materiais ou textuais.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X		CSC CAA

l ñ	B3.3	B3.3	XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	1ª, 2ª, 3ª Av.	3	X	X	X			CSC CMCCT
		B3.3	XHB3.3.2. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X	X		CSC CMCCT
f, l, ñ	B3.4	B3.4	XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.	1ª, 2ª, 3ª Av.	4	X				X	CSC CMCCT
h, l, ñ	B3.5	B3.5	XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.	1ª, 2ª, 3ª Av.	2			X		X	CSC CCL
g, l	B3.6	B3.6	XHB3.6.1. Distingue modos de periodización histórica (Idade Moderna, Renacemento, Barroco, Absolutismo, etc.).	1ª, 2ª, 3ª Av.	3		X	X			CSC CAA
f, g, h, l, n	B3.7	B3.7	XHB3.7.1. Identifica trazos do Renacemento e do Humanismo na historia europea, a partir de fontes históricas de diversos tipos.	1ª Av.	2		X			X	CSC CCEC CAA CCL
l n ñ	B3.8	B3.8	XHB3.8.1. Coñece obras e legado de artistas, humanistas e científicos da época.	1ª Av.	3		X	X		X	CSC CCEC CMCCT CCL

g l h n ñ	B3.9	B3.9	XHB3.9.1. Analiza obras, ou fragmentos delas, dalgúns autores desta época no seu contexto.	1ª Av.	2	X		X	X		CSC CCEC CAA CCL
a, c, d, g, l	B3.10	B3.10	XHB3.10.1. Distingue as características de réximes monárquicos autoritarios, parlamentarios e absolutos.	2ª, 3ª Av.	3		X	X	X		CSC CAA
a, c, d, g, l	B3.11	B3.11	XHB3.11.1. Comprende os conceptos de cambio e continuidade en relación co reinado dos Reis Católicos.	2ª Av.	2		X				CSC CAA
f g h l m	B3.12	B3.12	XHB3.12.1. Explica as causas que conduciron á descuberta de América para Europa, a súa conquista e a súa colonización.	1ª Av.	2		X	X			CSC CMCCT CAA CCL
			XHB3.12.2. Coñece os principais feitos da expansión de Aragón e de Castela polo mundo.	1ª, 2ª Av.	2			X	X		CSC
			XHB3.12.3. Sopesa interpretacións conflitivas sobre a conquista e a colonización de América.	1ª Av.	2				X	X	



g 1	B3.13	B3.13	XHB3.13.1. Analiza as relacións entre os reinos europeos que conducen a guerras como a dos "Trinta Anos".	3ª Av.  2		X	X			CSC CAA
--------	-------	-------	---	---	--	---	---	--	--	------------

## 6. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE O ÁMBITO.

A organización dun grupo PMAR está relacionado coas necesidades individuais que algunhas alumnas e alumnos presentan no seu proceso de ensino aprendizaxe. Con estes grupos o que se procura é unha forma de traballar diferente, funcional, que se adapte ás súas necesidades e ás súas características, de maneira que poidan resolver algúns dos déficits que arrastran desde hai anos, para así mellorar o seu proceso de aprendizaxe e, consecuentemente, o seu rendemento.

Neste enfoque metodolóxico funcional os contidos curriculares deben tratarse desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

A organización das materias por ámbitos facilita aprendizaxes máis efectivas e que se complementan. No Ámbito lingüístico e social agrúpanse os coñecementos, ferramentas, competencias claves, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe correspondentes ás materias de: Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Xeografía e Historia.

As materias lingüísticas centraranse en potenciar as habilidades básicas de comprensión (de discursos orais e escritos) e de expresión (oral e escrita), así como estimular a lectura. A materia de xeografía e historia desempeñará fundamentalmente o papel de facer comprender mellor o mundo físico e político, a sociedade, a cultura e arte, a través de coñecementos relevantes.

A programación que para este grupo presentamos concíbese de maneira que permita a súa adaptación á realidade da aula e ás capacidades do alumnado nel inscrito.

Partirase dos seguintes principios xerais:

- Priorizaranse os contidos de tipo procedemental e actitudinal, coa finalidade de que estes sexan eminentemente funcionais e que se convertan en instrumentos que permitan interpretar e resolver situacións da vida cotiá.
- Fomentarase a capacidade comunicativa, instrumental, estética e de identidade dos contidos lingüísticos e literarios coa finalidade de que lle faciliten ao alumnado a comprensión e a expresión correcta en diferentes contextos e situacións.
- Favoreceranse actitudes de curiosidade e interese cara á cultura e á historia da comunidade humana.
- Estimularanse as súas capacidades de xeito que se reforce a súa autoestima,

potenciando o seu desexo de aprender, conectando os novos contidos cos seus coñecementos previos.

- Realizarase unha atención individualizada do traballo de cada alumno ou alumna, ao mesmo tempo que se estimulará a súa participación no grupo-clase.

O traballo na aula basearase nunha metodoloxía activa, participativa e dinámica, implicando ao alumnado nas aprendizaxes a través de:

- Actividades que obriguen ao alumnado a poñer en práctica os novos contidos, amosándolles así a funcionalidade das aprendizaxes e favorecendo a adquisición destas.

- Lectura, comprensión e análise de textos dos diferentes temas tratados na aula, fomentando una visión crítica destes e mellorando as súas capacidades de comprensión e expresión.

- Emprego de diferentes estratexias de aprendizaxe (esquemas, resumos,...) que favorezan a adquisición dos novos coñecementos.

- Realización individual ou en grupo de proxectos, elaboración de materiais, guiados polo profesor para que os alumnos traballen de forma activa na adquisición dos coñecementos.

- Realización de traballos de investigación, guiados polo profesor (individuais ou en grupo) sobre a realidade máis próxima, potenciando no alumno/a a capacidade de manexar distintas fontes de información.

- Actividades que potencien a autonomía do alumnado na planificación, realización e autoavaliación das tarefas, posibilitando que aprendan a aprender.

- Utilización de diferentes formas de agrupamento dentro e fóra da aula, segundo a actividade a realizar e o momento no que se atopa o proceso de aprendizaxe.

- Realización de actividades que teñan proxección fóra da aula (exposicións sobre un determinado tema, participación nas actividades da biblioteca, etc), que favorezan a autoestima do alumnado.

## **7. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Neste ámbito utilizarase como material de apoio o seguinte manual:

Del Pino Solana, Ana María & Gómez Regalón, Dolores:

*Programa de Mellora. Ámbito lingüístico e social. Nivel 2*, Editorial Xerais

ISBN: 978-84-9121-228-7

Cómpre comentar que vemos o manual coma un material de apoio, mais en ningún caso exclusivo para o desenvolvemento do noso labor docente, polo que utilizaremos

diversos recursos e estratexias didácticas, sempre que for tecnicamente posíbel, para facer fincapé naqueles aspectos que consideramos que non están suficientemente desenvolvidos nos manuais, ou simplemente por dispoñermos dun material máis atractivo e rendíbel. Buscaremos a interiorización efectiva dos novos conceptos e habilidades e, por suposto, das actitudes positivas, conscientes e construtivas cara ás materias e aos novos contidos.

Outros materiais poden ser: libros de apoio, dicionarios, atlas, mapas, fotos e imaxes diversas, enciclopedias, apuntamentos sobre os comentarios de texto, nocións de estruturas gramaticais, aplicacións de normas, liñas de tempo, etc,

Procurarase dinamizar o emprego da aula virtual, ben sexa a do centro ou outras que se poidan adaptar ao desenvolvemento académico, con eficiencia e seguridade para o alumnado.

Fomentarase a utilización dos recursos existentes na biblioteca, á que se procurará que o alumnado acuda frecuentemente co obxectivo de que se familiaricen con ese espazo e co manexo do material que hai depositado nela.

## **8. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Realizaranse dúas probas escritas por trimestre en cada unha das materias que engloba o ámbito (total- 6 probas). Na súa cualificación teranse en conta os contidos, a redacción, a ortografía (faltas mal copiadas ou moi graves, ata 0,2 por cada falta; polo resto de faltas, 0,1 puntos por cada 4 faltas) e a presentación (ata 1 punto). Calcularase a nota media entre as cualificacións destas probas e o resultado suporá un 50% da cualificación trimestral.

En cada avaliación procuraremos ler un par de libros, un en galego e outro en castelán (0,5 puntos cada un). Algúns títulos serán propostos pola profesora e outros consensuados co alumnado. Están previstas probas de lectura sobre cada un dos libros, cuxa avaliación suporá un 10% da cualificación trimestral. Poderanse propor lecturas voluntarias, se a profesora o estimar conveniente, que serán valoradas cun máximo de 0,5 puntos sobre a nota final do trimestre.

O 40% restante corresponderá á cualificación resultante da observación sistemática do traballo do alumnado, así como á avaliación da expresión oral, recollidas a este efecto no caderno de notas, listas de rexistros da profesora e rúbricas. Para iso teremos en conta: a realización de tarefas na aula e na casa, producións textuais e orais, elaboración

de esquemas, resumos, mapas, caderno de clase, traballos individuais ou en grupo, debidamente presentados en prazo, presentacións TIC, respostas individuais a preguntas da profesora, participación en debates, postas en común, etc.

Calquera proba ou traballo considerárase suspenso (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno ou alumna copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos).

A non asistencia a algunha das probas escritas, así como a non entrega e/ou exposición nas datas establecidas do caderno de clase, traballo, actividade, etc debe ser xustificada, mediante xustificante médico ou similar de carácter oficial. A falta inxustificada a unha proba escrita, fará que na mesma o alumno reciba unha clasificación de 0.

Avaliaremos por separado cada materia do ámbito. Considerárase que un alumno ou alumna superou a materia nun trimestre cando a nota obtida, ponderada segundo os parámetros indicados máis arriba, sexa igual ou superior a 5 puntos.

Para o alumnado que sexa avaliado negativamente nalgunha avaliación realizarase unha proba escrita de recuperación periodizada da seguinte maneira: despois de Nadal, despois de Semana Santa e a final de curso. Esta proba incluírá todos os contidos das probas parciais non superadas durante a avaliación. Na terceira avaliación esa proba non se realizará a parte, senón que o alumnado deberá acudir á proba final de xuño para recuperala. Esta última proba escrita tamén a realizará aquel alumnado que teña pendente algunha das anteriores avaliacións (1ª, 2ª ou ambas) a pesar da realización dos exames propios da avaliación e respectivas recuperacións. Enténdese que a avaliación está recuperada cando a cualificación obtida na proba escrita de recuperación é igual ou superior a 5.

Aquel alumnado que despois das probas de recuperación mencionadas anteriormente sigan tendo unha avaliación pendente, terán na avaliación ordinaria de xuño, unha cualificación de suspenso/supensa, debendo presentarse á proba escrita de setembro unicamente coa avaliación ou avaliacións suspensas.

## 9. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSEÑANZA E DA PRÁCTICA DOCENTE.

Nas reunións de departamento, unha vez por trimestre, analizaranse o proceso de ensino e a práctica docente en base á seguinte escala:

Indicadores de logro	Escala			
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado as características do alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?				
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?				
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender ao alumnado con NEAE?				
6.- Tomouse algunha medida organizativa para atender ao alumnado con NEAE?				
7.- Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado?				
8.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado?				
2.- Ofréceselle a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade?				
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				
6.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				
7.- Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe?				
8.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				
9.- Ofréceselle ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				
10.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				
11.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				
12.- Cal e o grao de implicación nas funcións de titoría e orientación do profesorado?				
13.- As medidas de apoio, reforzo, etc. establécense vinculadas aos estándares?				

## **10. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, DE RECUPERACIÓN E DE AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.**

Durante o curso escolar farase un seguimento do alumnado que teña materias pendentes de superación de cursos anteriores integradas no ámbito lingüístico e social (LGL, LCL, Xª e Hª) para recuperar a materia de maneira progresiva.

Para iso observaremos o seu traballo no curso actual e establecerase un programa individual que inclúe a realización de actividades mensuais. A profesora do ámbito, en colaboración cos departamentos didácticos que teñen asignadas cada unha das materias englobadas no ámbito, deseñará e entregará os boletíns de actividades que o alumnado deberá devolver completos, en tempo e forma, para que sexan corrixidos. Non se fará entrega de novos boletíns ata ter feito e entregados os anteriores.

Este programa será comunicado aos titores para que llelo comuniquen ás familias e promovan a implicación destas no seguimento. Terá un seguimento trimestral nas sesións de avaliación.

Para a cualificación final da materia pendente farase media numérica dos boletíns entregados ao longo do curso. Para superar a materia hai que obter unha nota media mínima de 5.

Agora ben, se o alumnado coa materia pendente acada unha cualificación positiva no ámbito lingüístico e social no presente curso académico, considerarase que lle quedan recuperadas automaticamente as materias pendentes do curso anterior integradas no ámbito.

No caso de que o alumnado non estea en condicións de superar as materias pendentes integradas no ámbito, informarase da situación e da obriga de recuperar mediante a proba extraordinaria do mes de maio. Dita proba incluírá todos os contidos traballados nos boletíns cualificados cunha nota inferior a 5 ao longo do curso na materia pendente. A nota mínima para superar a materia pendente é de 5.

Calquera proba ou material considerarase suspenso (cualificarase con 0 puntos) se se detecta que un alumno/a copiou, permitiu que outros copiasen o seu traballo ou participou en calquera actividade ou estratexia deshonestas para mellorar os resultados (propios ou alleos).

No grupo do ámbito lingüístico e social de PMAR 3º ESO atopamos a seguinte situación de alumnado con materias pendentes: 3 alumnos coa materia de lingua galega e literatura de 2º ESO; 4 que teñen pendente a materia de xeografía e historia de 2º ESO e unha alumna que ten pendente a materia de lingua castelá e literatura de 2º ESO.

## **11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS.**

Na avaliación inicial do alumnado debemos ter en conta toda a información de que dispoñemos de anos anteriores. No caso do CPI de Xanceda a case totalidade do alumnado de secundaria estaba xa escolarizado no centro na etapa primaria e incluso na infantil, por tanto, dispoñemos de información de primeira man, pois o profesorado das etapas anteriores comparte o centro connosco. O expediente académico e informes tamén poden axudar a obter o punto de partida do alumnado.

A avaliación inicial deste grupo de 3º ESO PMAR consistiu na realización de diversas actividades nas que se traballaron a comprensión e expresión oral, a competencia lectora, a expresión escrita (adecuación, coherencia e cohesión, ortografía e gramática), a capacidade de comprensión e a elaboración de esquemas e resumos.

Como consecuencia desta avaliación a profesora fará maior fincapé naqueles aspectos que precisen máis traballo; determinaranse necesidades individuais e proporase a atención educativa máis axeitada para cada caso. Servirá de punto de partida para as ensinanzas que se van impartir.

Para a avaliación inicial tamén debemos engadir as apreciacións do grupo de profesores pertencente á xunta de avaliación onde se determinou que estes alumnos cursasen un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.

## **12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

O programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento forma parte das medidas extraordinarias de atención á diversidade mais o alumnado que se integra nel pode ser obxecto doutras medidas de actuación complementarias, sobre todo porque pode ter diferentes graos e ritmos de aprendizaxes, motivacións, intereses, etc.

Entre as medidas que podemos adoptar están: facilitar materiais e recursos variados sobre contidos, actividades; entregar material de reforzo educativo e/ou profundización; ampliar tempos de realización de actividades; empregar diferentes formatos para as probas (escritas e orais); coordinación do equipo educativo, etc.



### **13. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.**

A continuación comentamos os elementos transversais máis destacados que se traballan no ámbito:

#### **Educación moral e cívica.**

A tipoloxía textual, sobre todo a argumentación e a exposición propiciarán a receptividade, o interese e o respecto polas opinións alleas expresadas a través da lingua oral e escrita. Trátase de tomar conciencia da importancia da arte de convencer para facilitar a convivencia.

Lingua e sociedade: estes contidos axudarán a recoñecer a lingua galega como a propia de Galicia e valorar as linguas como produto das circunstancias históricas, políticas e culturais. Preténdese unha valoración xusta e equilibrada dos diversos pobos e culturas, evitando tópicos que atentan contra a dignidade humana. Mediante o respecto pola diversidade lingüística da Península acadaremos unha actitude de comprensión e tolerancia cara ás opcións lingüísticas non coincidentes coa propia.

A análise das diferentes etapas da historia, a súa evolución ao longo do tempo e todos os coñecementos referidos á xeografía e á poboación ofrecen unha mirada diversa e multicultural por medio das que se favorece a convivencia e o respecto.

#### **Educación para a paz.**

A comunicación humana: a importancia fundamental que ten nas nosas vidas poder comunicarnos cos demais e romper todo tipo de barreiras a través da lingua.

#### **Educación para a igualdade entre os sexos.**

A través dos textos, de diferente tipoloxía transmítense valores de igualdade e respecto pola diversidade.

A poesía lírica e as expresións artísticas expresan os sentimentos e emocións do poeta, do pintor, escultor, etc. e ensínannos a valorar a dignidade persoal, a propia e a dos demais.

#### **Educación ambiental.**

A literatura paisaxística fainos amar e respectar a natureza como un dos bens máis prezados do ser humano e da nosa comunidade. Os textos xornalísticos contribuirán ao coñecemento das ameazas sobre o medio ambiente.

Os contidos referidos ao desenvolvemento sostible e aos perigos e problemas que afectan ao planeta serven para concienciar ao alumnado da necesidade de coidar e salvagardar a Terra.

#### **Educación sexual.**

A través da poesía e a narrativa de temática amorosa.

#### **Educación do consumidor.**

O estudo dos medios de comunicación dá pé para espertar o espírito crítico ante as mensaxes que a publicidade emite.

#### **Educación para o lecer.**

O apartado dedicado á lectura, en concreto, e todos os temas de literatura, en xeral, propiciarán o hábito da lectura como fonte de pracer e como actividade gratificante e enriquecedora.

### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Estimamos a participación nas celebracións de integración que o Centro desenvolva ao longo do curso e tamén aquelas que espontaneamente xurdan para beneficio dos alumnos e as alumnas no exterior do Centro. Esas actividades son aquelas de coñecemento e reflexión sobre as realidades culturais propias e do entorno –recollas de Cultura Tradicional, costumes, observacións, realización de traballos sobre a memoria histórica, etc- e coñecemento doutras realidades que non sexan da contorna –museos, visitas guiadas, exposicións, obras de teatro, cursos de animación á lectura, á sensibilidade artística –musical, plástica, de expresión física, de defensa da Natureza e Medio Ambiente, de respecto á integración, etc. sempre e cando acaden a autorización pertinente para a súa realización e os medios humanos e materiais o permitan.

Algunhas das actividades extraescolares que se veñen realizando nos últimos cursos e que temos vontade de repetir neste, sempre que sexa posible, son:

- Asistencia a representacións teatrais. As datas de realización destas saídas estarán determinadas pola programación ofertada polos organizadores. A asistencia ás representacións e a selección dos grupos de alumnos asistentes terá en conta as características da obra representada, as idades para as que estea proposta e a relación co currículo da materia de cada curso.

- Participación nas actividades propostas polo “Correlingua”, sexan realización de traballos na aula, participación en concursos ou participación en saídas propostas pola

organización do certame. A localización temporal das saídas dependerá das propostas dos organizadores da carreira.

- Participación nas actividades propostas polo EDNL e a biblioteca do centro.
- Participación en certames literarios convocados por diferentes entidades.

### **15. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN LECTOR.**

O alumnado lerá varias obras ao longo do curso. Neste curso propóñense obras de literatura xuvenil actual con temáticas variadas que teñen en conta os intereses do alumnado e/ou que presentan algún valor educativo (educación en valores: tolerancia, non discriminación, igualdade entre homes e mulleres, multiculturalidade...) que serven para traballar contidos transversais.

Colaboraremos coas actividades da biblioteca do centro sempre que sexa posible e intentaremos fomentar a lectura pracenteira acudindo á biblioteca para dar a coñecer os fondos da mesma, a curiosidade por algún títulos, facer recomendacións entre iguais, etc.

Tentaremos achegar o alumnado ao autor homenaxeado no Día das Letras Galegas, tanto dentro da aula como noutras actividades complementarias, para que coñezan e valoren a personaxe e a súa obra.

### **16. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PLAN TIC.**

Levaremos a cabo actividades de busca de información, de traballos en grupo, de elaboración de textos e de formación de textos dados, de interpretación segundo diversos códigos expresivos, proxección de recursos audiovisuais, acceso a páxinas web relacionadas cos contidos das materias, utilización de programas informáticos e sistemas de busca.

Todas as unidades didácticas propoñen actividades relacionadas coas TIC.

### **17. MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

A comprobación da efectividade e adecuación da programación didáctica realizarase ao finalizar cada un dos trimestres, ou ben no momento no que se detecte calquera fallo ou posibilidade de mellora ao respecto durante o desenvolvemento da mesma.

A revisión e as modificacións pertinentes poñeranse na práctica o antes posible, é dicir, inmediatamente despois da detección dos fallos ou dificultades, se é posible, sempre que se trate de aspectos que sigan sendo pertinentes no resto do desenvolvemento da programación. No caso de que os fallos atinxan a aspectos que, dada a súa natureza, non poidan ser revisados ao longo do presente curso, faranse as modificacións convenientes de cara a vindeiros cursos.

En calquera caso, as modificacións máis ou menos significativas que se fagan á programación constarán no libro de actas do Departamento, así como na memoria final do Departamento de Lingua Galega e Literatura.

Mecanismo de revisión e modificación da programación didáctica	Escala			
Indicadores de logro	1	2	3	4
1.- Diseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?				
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?				
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas?				
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				
8- Assignóuselle a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				
10.- Asociáronse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				
14.- As guías didácticas son adecuadas, atractivas e de fácil manipulación para o alumnado?				
15.- Diseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				

17.- Fixouse para o bacharelato un procedementos de acreditación de coñecementos previos?				
18.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.?				
19.- Establecéronse criterios para a recuperación dun exame e dunha avaliación?				
20.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				
21.- Establecéronse criterios para a avaliación extraordinaria?				
22.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				
23.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				
24.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				
25.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				
26.- Informouse ao alumnado sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				
27.- Informouse ao alumnado sobre os criterios de promoción?				
28.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso?				
29.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				
30.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				

## 18. DATOS DO DEPARTAMENTO

Profesorado e distribución da docencia:

Profesora	Materias que imparte
Susana Silva Martínez	Lingua Galega e Literatura 1º ESO Ámbito lingüístico e social 3º ESO PMAR
Mª Dolores Díaz Rifón (Xefa do departamento)	Lingua Galega e Literatura 3º ESO Lingua Galega e Literatura 4º ESO Apoio ao alumnado de 2º de ESO exento de Segunda Lingua Estranxeira Francés. Segunda Lingua Estranxeira Portugués 3º de ESO. Segunda Lingua Estranxeira Portugués 4º de ESO.